

ACTA

En Arzúa, a 20 de decembro de 2017.

Sendo as 10.10 horas, na dependencia destinada a Secretaría, dentro da Casa do Concello, reúnenese os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **exercicio de carácter práctico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de Educador familiar, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada laboral de trinta e sete horas e media semanais, durante un período de tempo de tres anos, a contar desde a data da toma de posesión da persoa que resulte seleccionada; e iso de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 16 de xuñ de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D^a. María Teresa Gómez Cea (*educadora familiar do Concello de Boimorto*).
- Vogais:
 - D^a. Guadalupe Vázquez Ascariz (*traballadora social do Concello de Toques*).
 - D^a María Lage Vázquez (*Mestra de galego do IES de Arzúa*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 n^o 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público--, a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de continuar coa corrección dos exercicios de carácter práctico, que quedou interrompida na reunión celebrada o día 18 de decembro (luns), polos motivos indicados na acta estendida de dita sesión.

Tendo en conta que na reunión do pasado luns (día 18 de decembro) levarase a cabo a lectura de só dez dos vintenove exercicios realizados, procedeuse agora a continuar coa lectura dos dezanove restantes exercicios, o cal foi realizado en alta voz por unha das vogais da Comisión Seleccionadora.

E así, despois de cada lectura dun exercicio, cada membro da Comisión Seleccionadora tomou as notas e realizou as puntualizacións que considerou procedentes.

De maneira que unha vez rematada a lectura de todos os exercicios prácticos realizados, a Comisión Seleccionadora procedeu a contrastar as notas e puntualizacións realizadas por cada un dos seus membros, co obxecto de outorgar as puntuacións correspondentes a cada aspirante, que foron asignadas -por unanimidade dos membros integrantes da Comisión Seleccionadora-; sendo tales puntuacións as seguintes:

NOME E APELIDOS	Puntuación proba práctica
Nazaret Suárez Louzao	16
Marta Palacios Raposo	NP
Lorena Galego Cagide	2,50
Rebeca Vázquez Bendaña	4,75
María Isabel Pombo Rey	7
Lorena Lamas López	12
Rocio Vázquez Cereijo	5
Eva Portas Rey	NP
Silvia Rodríguez Fernández	12
Raquel Sesto Rey	NP
Cristina Arnos Cortizas	14
Raquel López Fernández	12,50
Natividad Tubio Laiño	11,50
Laura Caeiro Rey	8
Manuel Mariño Barreiro	19
Pastora Raposo Varela	3
Roberto Casas García	12,5
M. ^a Leonor Faya Angeira	8,50
M. ^a Ines Paredes Carral	NP
María de Bernardo Roca	NP
Cynthia María Cacheda Cao	12
María Folla Sotelo	NP
María Esther Liñares Lazcorreta	2,50
Marta Gil Figueiras	12,50
Laura Suarez Rodríguez	NP
M. ^a Montserrat Ventureira Rios	16
Eva Pérez Curros	8,5
Mónica Lamas Beceiro	NP
María González Barco	9
Amara Insua Lema	10
Laura Toimil Bujones	7,75
Ana M. ^a Lado Carriazo	10
Baal García Varela	3
M. ^a Isabel Porta Martín	4
Rocio Nuñez Rúa	14
Ana Laura Villar Gómez	12,5

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, adoptáronse -por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos vintenove aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico da fase de oposición.

Segundo.- Facer saber aos trece aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados neste proceso de selección, por canto que así se deduce da Base 10ª das que rixen a oposición.

Terceiro.- Facer saber aos dezaseis restantes aspirantes, que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día 18 de decembro, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente-, estarían exentos de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2,5 puntos cada un deles, por vir así previsto para tales casos na Base 10ª das que rixen o proceso de selección.

Cuarto.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecemento do idioma galego; polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polos dezanove aspirantes que superaron o proceso de selección serían as seguintes:

NOME E APELIDOS	Puntuación proba teórica	Puntuación proba práctica	Galego	TOTAL
Nazaret Suárez Louzao	28,75	16	2,5	47,25
Lorena Lamas López	21	12	2,5	35,5
Silvia Rodríguez Fernández	21,25	12	2,5	35,75
Cristina Arnos Cortizas	16	14	2,5	32,5
Raquel López Fernández	19,75	12,50	2,5	34,75
Natividad Tubio Laiño	24,25	11,50	2,5	38,25
Manuel Mariño Barreiro	22,75	19	2,5	44,25
Roberto Casas García	24,75	12,5	2,5	39,75
Cynthia María Cao Cacheda	18	12	2,5	32,5
Marta Gil Figueiras	15,5	12,50	2,5	30,5
M.ª Montserrat Ventureira Rios	25	16	2,5	43,5
Amara Insua Lema	15	10	2,5	27,5
Ana M.ª Lado Carriazo	19,5	10	2,5	32
Rocio Nuñez Rúa	22,5	14	2,5	39

Ana Laura Villar Gómez	21,25	12,5	2,5	36,25
Iria Alen Salgado	22,75	14	2,5	39,25

Quinto.- Formular ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionario interino, para desenvolver o posto de traballo de educador familiar, a favor da aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser Nazaret Suárez Louzao; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base 2ª das que rixen o proceso de selección.

Sexto.- Concretar que, para o suposto de que a aspirante proposta como educadora familiar, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base 12ª- os requisitos necesarios para realizar o seu nomeamento, ou renunciase a ser nomeada funcionaria interina; a proposta de nomeamento agora realizada se traslade a favor da seguinte ou seguintes aspirantes, pola orde de puntuación total obtida.

Sétimo.- Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta:

- a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e
- b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rixen a oposición.

Unha vez rematada a sesión anterior, sendo as 14.00 horas, a Comisión Seleccionadora decidiu resolver a reclamación que presentara o día 18 de decembro (luns), no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa, a aspirante dona Lorena Lamas López, *(que foi rexistrada ao número 4.161)*.

Lido o contido desta nova reclamación, e comprobado que se refería a pregunta número 25ª do cuestionario que tiveron que realizar os aspirantes, como exercicio teórico da oposición, o día 30 do pasado mes de novembro.

Como resulta:

- Que un dos obxectos da reclamación presentada por dita aspirante o día 11 de decembro, estaba referido precisamente á pregunta número 25ª do citado cuestionario.
- Que se considera adecuada e correcta a desestimación que realizou a Comisión Seleccionadora, cando resolveu as tres reclamacións presentadas por dita aspirante, na reunión do día 14 do presente mes de decembro, en canto se refire á reclamación presentada sobre a pregunta 25ª.

Acordouse -por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora-:

Primeiro.- Desestimar a reclamación presentada pola aspirante Lorena Lamas López o día 18 de decembro de 2017, por considerar acertada a resolución desestimatoria de dita reclamación.

E, en consecuencia, considerar que non procede realizar ningunha variación na puntuación que foi outorgada con respecto ao exercicio teórico realizado por ela.

Segundo.- Facer saber á Sra. Lamas López que, se tivera dúbidas na resposta dada a súa reclamación, podíanlle ser aclaradas o mesmo día en que presentou esta última reclamación: xa momentos antes de iniciar o exercicio de carácter práctico, ás 10.00 horas do día 18 de decembro, ou unha vez rematada a realización dese exercicio; e sen embargo non o fixo.

Co cal se dá por rematado o acto ás 14.30 h. do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscribita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.